



AUTORES ESTRANXEIROS

Ionesco: 'AS SILLAS'

Nacerán flores baixo a neve?

NOTAS DE DIRECCIÓN

O propio Ionesco consideraba a Shakespeare como o antepasado do teatro do absurdo, referíndose á famosa réplica de Macbeth: «A vida non é máis que

un conto narrado por un idiota, cheo de carraxe e de balbordo, e que nada significa».

As sillas é un reto que consiste en representar un universo de espellismos que se reflicten entre si, de plasmar na escena a poesía da dor espida exposta ás emocións dos espectadores.

